

BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2018

BAREMO PARA UNHA BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2018

É obxecto desta convocatoria a creación dunha bolsa de contratación laboral temporal de sanitarios para atender as necesidades de socorrismo en praias do concello do Grove, durante a tempada do verán do 2018, a través dun contrato de duración determinada e por un tempo máximo de dous meses, supeditada ás necesidades do servizo e á existencia de consignación orzamentaria.

A selección do citado persoal xustifícase pola necesidade urxente da contratación destes postos de duración determinada, por atender as circunstancias especiais e responsabilidades que ten o Concello do Grove en salvamento e seguridade nas praias.

Este proceso de selección iniciárase unha vez publicada a convocatoria no BOP. Publicarase tamén un anuncio da convocatoria nun diario dos de maior difusión na localidade, así como na páxina web do Concello (www.concellodogrove.es) e no taboleiro de anuncios municipal. O prazo de presentación de instancias será de 10 días naturais, contados a partir da publicación no BOP.

REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Deberán contar no momento da solicitude, polo menos, cun dos seguintes requisitos:

- Certificado de profesionalidade sociosanitario
- TSAFD
- Ciclo de técnico sanitario
- Ciclo medio de aux. de enfermería, ou superior
- Graduado/a en enfermería ou medicina.

As persoas aspirantes farán constar na súa solicitude (que se xunta como **anexo I**) cal é o requisito que cumpre, e deberá xustificalo.

BAREMO:

Puntuacións por titulación académica:

TITULACIÓN OU CURSOS	PUNTOS
Graduado en enfermería ou medicina	2
Ciclo medio de tec. Sanitario, aux. de enfermería, análogo ou superior	1
TSAFDA	1.5

BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2018

Puntuacións por experiencia profesional:

EXPERIENCIA	Máxima
Por cada contrato de salvamento en praias, socorrista acuático, patrón, enfermeiro, técnico sanitario, aux. clínica, etc.: 0.5 puntos por mes traballado	4

DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS:

Entrevista e proba práctica:

As persoas aspirantes serán citadas, nunha única convocatoria, a través de paxina web do Concello ou polo teléfono ou correo-e que conste na solicitude, para realizar a seguinte proba:

Un exercicio práctico sobre as función propias dos traballos que se realizan nos postos de socorrismo de praias, nun tempo máximo de 10 minutos e unha entrevista.

A puntuación máxima será sobre 10 puntos.

Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na puntuación final obtida e por orde decrecente. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase por quen teña maior nota en titulación académica e de persistir o empate pola nota da proba práctica.

TRIBUNAL:

Presidente/a,
Secretario/a,
Vogais,
Asesor/a externo,

Iniciado o proceso de selección, todos os anuncios serán publicados no taboleiro de anuncio e na páxina web do Concello do Grove (www.concellodogrove.es)

O Grove, 16 de abril do 2018

O alcalde

BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2018

Jose A. Cacabelos Rico

ANEXO I

D/Dna. _____, DNI/NIE
_____, domicilio _____
concello _____.

Teléfono de contacto: _____ Correo-e: _____

EXPOÑO:

Que sabendo da contratación laboral temporal de sanitarios para a tempada de verán 2018 no Concello do Grove e cumprindo con, polo menos, un dos seguintes requisitos:

- Certificado de profesionalidade sociosanitario
- TSAFD
- Ciclo de técnico sanitario
- Ciclo medio de aux. de enfermería, superior ou análogo
- Graduado/a en enfermería ou medicina

SOLICITO:

Ser admitido/a no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de sanitarios no Concello do Grove 2018.

O Grove, ____ de _____ de 2018

(Sinatura)

Xunto coa solicitude, achego unha fotocopia compulsada do DNI, dos méritos e dos requisitos:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____

BOLSA DE SANITARIOS PARA PRAIAS 2018

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE